

FIADEIRO

Letras Galegas 1996



XESÚS FERRO COUSELO

Colexio Público de Beluso



- EDITORIAL.
- XESUS FERRO COUSELO.
- CRONOLOXÍA DE X.FERRO COUSELO.
- CONTO: "O VELLO ANTÓN".
- EDUCACIÓN INFANTIL.
- A ESCOLA.
- ORLA DE PRIMEIRO.
- A PRIMAVERA.
- OS PAZOS.
- 17 DE MAIO.
- NENOS TRABALLADORES.
- POEMAS DE NENOS.
- FADAS.
- GALICIA.
- CONTO: "O FANTASMA E O GATO".
- DEPORTES.
- HUMOR.
- A NOSA HISTORIA.
- RUMORES.



EDITORIAL

Como todos estos anos, os alumnos do Oitavo Nivel de E. X. B. vámonos despedir neste curso que está case a rematar.



Foi un curso moi duro, pero gracias á colaboración dos nosos mestres, ós que lles queremos agradecer todo o que fixeron ó longo deste tempo, para que se levase a cabo a nosa fermosa e inolvidable fin da E. X. B., aínda que tivemos algúns problemas, pero non queremos comentalos.

E todo iso gracias á colaboración dos nosos titores, D. Servilio, D. Paco e D^a. Isabel, e de tódolos demais mestres.



Tamén queremos darlle gracias a tódalas persoas que colaboraron, desinteresadamente, con nós ó longo do ano comprándonos os obxectos que vendemos para recaudar fondos, para a viaxe de fin de curso.

Pero non só da excursión temos que falar, tamén lle temos que dar as gracias a tódolos mestres que, dende que chegamos aquí, nos foron ensinando moitas cousas. A todos eles ¡Moitas gracias!



Fixemos moitos amigos, aínda que a algúns deixámoslos atrás.


Con moita tristura, despedímonos os maiores do " Cole ".

"¡ATA SEMPRE, AMIGOS!"


Alejandra Agulla
María Casaleiro
Míriam Ferradáns



XESÚS FERRO COUSELO




O Día das Letras Galegas, o 17 de Maio, foi instituído no ano 1963, coincidindo coa efeméride da dedicatoria do libro *Cantares Gallegos* que a autora, Rosalía de Castro, fai á tamén escritora Fernán Caballero, e este mesmo día coincide tamén co do cumpreanos de don Manuel Murguía, marido de Rosalía, ámbalas dúas egrexias figuras do *Rexurdimento Galego*. Xesús Ferro Couselo foi un dos intelectuais que, vinculados á Fundación Penzol e á Editorial Galaxia, avalaron no seu día esa iniciativa levada á Academia Galega. E en 1996 dedícase tal celebración a ese mesmo personaxe, Ferro Couselo, que dedicou as súas angueiras a recuperar a memoria histórica de Galicia como estudioso das ciencias históricas, da arqueoloxía e fundamentalmente da paleografía, ciencia esta última da transcripción e a interpretación dos textos do pasado.



Ferro Couselo non responde ao prototipo de figura á que deica agora se dedicou a celebración do Día das Letras Galegas. Ferro non é un creador de fórmulas literarias, pero si é un arquiteiro, un arqueólogo e museólogo, ensaísta, investigador, un compilador de testemuñas do pasado que estaban por moi diferentes motivos, "efectos da insensibilidade", a piques de perderse. El pon estas testemuñas ao servizo dunha inesgotábel investigación, manifestándose tamén como animador cultural e difusor da cultura galega en momentos de marxinação e silencio.





17 DE MAIO.
DIA DAS LETRAS GALEGAS



XESUS FERRO COUSELO

CRONOLOXIA:

- a) 1906. Xullo 30: XESUS FERRO COUSELO nace en Louro-Cordeiro (Valga.Pontevedra).
- b) Estudia e doutórase na Universidade Pontificia de Santiago de Compostela.
Cursa Filosofía e Letras na Universidade da mesma cidade.
Doutórase en Madrid coa tese "Os petroglifos e as inscul-turas rupestres de Galicia".
- c) Exerce a docencia no Instituto de Ensino Medio de Tui e no Colexio Lábor de Vigo.
- d) 1935. Funda e dirixe en Tui a revista cultural TVDE, de periodicidade mensual.
- e) 1936. A Guerra Civil Española sorpréndeo en Madrid, onde permanece ata o final da mesma.
- f). 1941. Regresa a Galicia e fixa a súa residencia en Ourense. Compaxina o seu labor docente no instituto da cidade coa dirección da Biblioteca Provincial e do Museo Arqueolóxico.
- g) Creou o Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
- h) Foi cofundador das seguintes publicacións: Posío, Artes y Letras e Grial.
- i) 1943. Funda o Boletín Auriense, publicación do Museo Arqueolóxico Provincial ourensán, adicado a estudos sobre arqueoloxía, historia e etnografía.
- k) Foi cofundador da Agrupación Cultural Auriense e de Galaxia (1950) xunto a Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Sebastián Martínez Risco, Antonio Fernández López, Xaime Isla Couto, Francisco Fernández del Riego, Alvaro Gil Varela, Ramón Cabanillas Enríquez e Xosé Ramón Fernández Oxea.
- l) 1975. Abril 23 : Fina e é soterrado na súa parroquia natal.

O VELLO ANTÓN

3º PREMIO Categoría - C (5º-6º de Primaria)

Este conto foi seleccionado co terceiro premio do II CONCURSO DE CONTOS que organiza o C.P. de Bueu e no que participaron tódolos Colexios do Municipio.

¡ Enhoraboa á gañadora !.



Había unha vez un vello que se chamaba Antón. O vello vivía nunha montaña que se chamaba A Montaña do Demo.

Antón era moi desgraciado. Cada vez que baixaba ó pobo toda a xente se afastaba del porque pensaban que estaba endemoniado. A xente dicía que polas noites convertíase nun demo a que vise saír da casa. As persoas estaban ateigadas de medo cando miraba a Antón.

Unha noite de inverno Antón estaba durmindo cando o espertou unha estraña luz de cor vermella, pero imaxinou que fora unha alucinación. Ó día seguinte pasou o mesmo, e así un par de días máis .

A noite máis que se lle parece, faloulle e díxolle : “Tes que cambiar de vida xa que se non sentiraste odiado por todos.

Tes que ir buscar unha pócima ó Monte Perdido”.

Vello Antón píxose en camiño aínda que pensou que nunca o puidese encontrar.

Cando se fixo de noite atopou unha cova e alí pasou a noite.

Durante o camiño encontrou moitos perigos, animais feroces, bestas, sustos etc.

Pasados varios días encontrou un cartel cunha frecha que poñía “O Pantano Negro”.

Entrou no pantano e atravesouno polo río que o cruzaba, pero pensaba que lle sería imposible conseguilo, cando viu un tronco de árbore pero cando quixo collelo resultou ser un cocodrilo. Nestas estaba cando unha frecha foise a clavar na cabeza do cocodrilo. Antón preguntou quen fora o que lanzara a frecha e a resposta foi dun neno pequeno, moreno de ollos negros de sete anos de idade.

Fiadeiro

-Chámome Xavier-
dixo o rapaz.

-¿Como te chamas ti?

-Eu chámome Antón

Despois de falare
unhas cantas horas Antón
preguntoulle se o quería
acompañar na busca da
pócima; o que foi
aceptado polo neno.

Cando os colleu a
noite acamparon nun
claro que había no medio
do monte.

A luz volveu a
aparecérselle e dicíalle
que xa lle faltaba pouco.

Por iso puxéronse moi
contentos e durmiron toda a noite.

Ó seguinte día erguéronse cedo e despois de almorzar puxéronse de camiño.

Despois duns cantos días de camiñar atoparon un letreiro que dicía "Monte Perdido", e puxéronse moi ledos, cando de repente aparecéuselle de novo a luz e díxolle que na ladeira da montaña había unha cova onde estaba a pócima, metida no sarcófago do faraón.


A Antón estremecéuselle o corpo, pero aínda así foi na buscar.

Cando chegou de novo ó pobo todos o miraban con desprezo, pero a Antón non lle importaba porque logo se terminaría.


Cando se fixo de noite a luz volveu a aparecer para preguntarlle se tiñan a pócima e se así era que lla deran que xa se encargaría de todo.

Ó seguinte día Antón e Xavier baixaron ó pobo pero ninguén os mirou con desprezo, senón que todos lle falaban como se non pasara nada.

Antón píxose feliz e nunca se separou do seu compañeiro Xavier



EDUCACIÓN INFANTIL



MACEDONI A


GABRIEL
SAMS

INGREDIENTES:

- MELO CO TON
- NARANJA
- MANZANA
- KIWI
- PLATANO
- FRESA

PREPARACION:
PELAR Y TROCEAR LA FRUTA.

AÑADIR EL ZUMO DE NARANJA Y EL ALMIBAR



A Escola

Durante este curso que xa está rematando fixemos algo de todo: estudiamos, xogamos, fixemos algunhas trastadas e tamén celebramos algunhas festas entre as que imos destacar:

O MAGOSTO

Foi no mes de outubro. Celebrámo-lo nas pistas do Colexio. Mentras Ramón, o conserxe, asaba as castañas con dous axudantes de primeira categoría, que eran D.Manolo e D.Sergilio, nós xogabamos ó tiro da corda, ás carreiras, á silla ...etc.

Ó remate comemos as castañas, emborrámonos e fomos contentos para a casa.

O NADAL

O Colexio organizou un programa para os distintos ciclos do Colexio e tamén para os maiores. Houbo unha obra de teatro, villancicos, bailes, desfile de modelos ...etc.

DÍA DA PAZ



O día 30 de xaneiro celebramos o DÍA DA PAZ. Este ano saímos unhas cuantas clases a soltar unhas pombas como sinal de PAZ.

Gustaríanos que para o vindeiro curso saíra todo o Colexio e, ademais de pombas, soltar tamén globos.

ANTROIDO



É unha das festas máis ruidosas que celebramos. Fixemos unhas comparsas por ciclos e cantamos unhas coplas criticando o que nos parecía que estaba mal.

Saímos por Beluso a facer un percorrido polas rúas. Os rapaces que non traían disfraz non foron no desfile e quedáronse no Colexio.

Varios profesores tamén se disfrazaron. Foi unha festa moi divertida.



SEMANA CULTURAL

Comezou o día 24 co XVI Cross de Beluso e rematou o 29 coa actuación da algunhas comparsas da comarca.

Durante a Semana Cultural tivemos charlas, deportes, teatro, humor e, sobre todo, cabe destacar a sesión de Karaoke que nos gustou moito.



EXCURSIONS

Os de oitavo fixeron unha visita cultural ó D O M U S da Coruña o día 24 de xaneiro e os de sexto, o día 1 de marzo, foron ó Museo de Pontevedra e o circo "Ciudad de los Muchachos".


As excursións de fin de curso faranse o día 30 de maio para os do Primeiro Ciclo de Primaria e o día 31 para o resto do Colexio.



SIMULACRO DE INCENDIO

O pasado venres, día 3 de maio, tivo lugar no Colexio un SIMULACRO DE INCENDIO, no que participaron Protección Civil, Bombeiros, Ambulancias...


Foi todo un éxito e esperamos que se repita nalguna outra ocasión para estar preparados por se fixera falta tomar esas medidas. Esperamos que non faga falta.





A PRIMAVERA

ANGELA
1-8



A PRIMAVERA

SARA
1-8


OS PAZOS

Un pazo é unha casa señorial antiga que se construía no campo, ademais era un centro de produción agraria.

O pazo é, sobre todo, unha vivenda de xente campesiña moi cómoda.

Construíans sobre todo de pedra ou granito, usábase tamén a madeira, para a carpintería e os tellados interiores.

A chimenea é unha parte principal dos pazos, porque ademais de servir para queentarse, ten un valor decorativo para o remate do pazo.



Está rodeado por murallas, e para poder entrar neles hai un gran portalón.

A capela dos pazos, estaba cerca da entrada, xiron ser de planta rectangular e con tellados de dúas augas, tiñan diferentes dimensións pero, sobre todo, eran pequenas.

Ian á capela a familia do pazo e as xentes do lugar.

Os xardíns son moi grandes, teñen moita variedade de flores, hai estanques e moitos tipos de árbores.

Teñen un bonito hórreo, que lle servía para almacenar o grao.

O PAZO DE SANTA CRUZ

O pazo de Santa Cruz pertence o concello de Bueu, está situado no alto da Carrasqueira, e dende ali mirase todo Bueu, o porto con todos os barcos.

Este pazo é coñecido popularmente co nome de Quitapesares, pola súa magnífica vista panorámica e os seus coidados xardíns.


A capela de Santa Cruz está moi preto da fantástica casa.

O 21 de Setembro de cada ano préstase esta capela para que se celebre a festa de Santa Ifigenia, a súa patrona.

A capela aínda que ten moitos anos está en magnífico estado de conservación, despois de que hai uns anos se restaurase.

Santa Cruz une no seu emprazamento, as razóns paisaxísticas, outras defensivas, moi propias nesta península, pois a súa elevación e ^{sua} colindancia marítima son as súas razóns estratéxicas. Son tan dilatados os seus horizontes, tan fermosa a vista sobre a ensenada de Bueu, que o seu gozo, a súa contemplación deben influir sobre o ánimo máis triste e deprimido.

A magnífica finca que posúe ten máis de 11 hectáreas de terra.



Existe unha pequena discrepancia en canto a fecha de construción, pois mentres o P. Crespo e D. Xavier Ozores a sitúan en 1671, dña José María Estévez, na súas notas di que o pazo remontase ata 1659.

Pertenceu este pazo os Mondragón, e a mediados do século XVIII.


O PAZO DE CASTRO (CASA DOS PICOS)

O pazo de Castro stúase na Vila de Bueu.

Na fachada norte ten un magnífico escudo, o seu escaso coidado e o tempo dificultaron o recoñecemento das armas.

O seu estado de conservación é regular, e a súa propietaria é Dña. Amelia Aldao.


Os Aldao foron representados socialmente na península do Morrazo chegando a seren representados dos beneficios do Hío. Un señor que se dicía que se chamaba Esteban Rodríguez Fernández Aldao o señor da casa en 1514 aforado de Pedro Madruga no lugar Balea de Cangas.



A VIDA NOS PAZOS

Os donos como eran xente moi rica tiñan sempre criados para os traballos do campo, das fincas e das tarefas da casa, o mesmo que moitos xornaleiros, que eran familias enteiras, pais e fillos que sempre vivían nunha casa preto do pazo principal. Actualmente como estas citadas mansións as teñen como lugares de recreo para vacacións os que soen coidar de todo, son os caseiros que así se chaman tamén a esta xente que coida xardíns, limpa o pazo e se preocupan de que todo estea en bo estado.

¿Por que é día das letras galegas?



17 DE MAIO

• Pois, había que procurar unha data sinalada na nosa literatura para celebra-las letras galegas, entón eu cavillei:

Se o día 23 de Abril, data do paramento de Cervantes, celébranse as letras casteláns... ¡xa está!, o 17 de Maio de 1963 vaire cumpri-lo centenario da publicación do libro "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro.

Foi así; a Academia Galega, aceptou a proposta e dende aquela, todos os 17 de Maio, réndeselle homenaxe a un escritor ca falecido pola súa obra en Galego.



FRANCISCO FDEZ. DEL RIEGO



Cando a min me adiquen o día das...

10^o CURSO

NENOS

TRABALLADORES

2º B

TARA 2º B

¡PARA RIR! TĒNEN COUSAS DE RISA.




Fradeiro


Adiviña Adiviñanza.
 Son sete irmáns
 e todos bailan a seu compás.
 Se sabes como son
 poder facer unha canción.



Capelo sobre capela
 Capela do mesmo praso
 sen non cho digo. meniña
 non acertas en todo o ano



FRANCISCO 2º B



Margarita 2º B

Puchiriño
 que está co
 seu sombreru
 ño branco.
 Nin é palla
 nin oliva,
 atina sen que
 cho diga.



POEMA



Primaveriña.
ven a miña casina
para que medren
as miñas floriniñas

Ángel Soliña 1º B



Loaniña loaniña
aínda que voas polo ceo
pausaraste n'ha flor.
voarás polas nubes
e poraste diante do sol.

Oscar Maimenta 1º B

DE

Unha flor no campo
estaba mirando
unha rosa que caía
e estaba chorando
a rosa aguantábase
sobre unha pequena rosa.



Cristina Sata Martínez 1º B

A nena queres peitear
para ir a pasear



Lúa Kilas Comesaña 1º B

MEUOS


Uolvoreta volvoretiña
ven a miña casina
tomar unha masanciña

Ángela Otero Martínez 1º B




- Que ti sabes contar ?
- Si, claro
- Pois non contes comigo esta noite.

Beatriz Rodríguez Jurcal 1º B



FADAS



Coméntase que cada vez que alguén di: "non creo nas fadas",
morre unha.


Eu non sei se iso é certo ou non, pero o que si sei, é que eu creo nelas. E moitos dirán que creer nas fadas é unha tontería, e digo eu, ¿por que non?, só hai que ter un pouco de imaxinación. Ademáis, para que hoxe en día creamos ou non nas fadas, alguén, algún día, tivo que miralas, ou polo menos imaxinalas.

Tamén quero confesar un segredo. Antes dixeran que para creer nas fadas só se precisaba un pouco de imaxinación, é certo, pero ademáis da miña imaxinación, "eu mirei unha fada".

Por iso teño máis razón aínda que moitas outras persoas en creer nas fadas. Contarei como foi.

Coorxeu máis ou menos foi un ano, eu, como era verán, estaba fora xogando co meu can no xardín, cando de súpeto, unha intensa luz deslumbróme. Dirixín a miña vista hacia unhas flores e, alí estaba, tiña unha beleza impresionante; saltaba dunha flor a outra sen parar. Unha rapaza, pero a súa estatura non sobrepasaba unha cuarta, tiña dúas ás transparentes e moi brillantes, en definitiva, era como un raio de luz perdido entre tantas flores.

Vós dixedes, cada un ten a súa opinión, pero, eu creo nas fadas.



"GALICIA"



Galicia Terra Neiga,
 con montes, ríos e mar,
 con scente traballadora
 e terras para labrar.
 Muños e scente vella
 scontente que fai progresar,
 a esta Galicia grande
 que cada día medra máis.
 Galicia ten lingua propia,
 para que a scente poida falar
 este galego tan fermoso
 que un día quixeron quitar.
 Galicia marinera
 Galicia para traballar,
 as nosas rías son fermosas
 en das poderas disfrutar.
 Tes a Coruña, Lugo
 Ourense e Pontevedra
 para mirar,
 e cada día co noso esforzo
 Galicia máis de medrar.
 As letras galegas
 queremos demostrar,
 que hai escritores
 que en galego traballaron,
 traballan, e traballarán.

Maria Casaleiro
 Miriam Ferradáns 8º A
 Mª Alejandra Agulla.



O FANTASMA E O GATO



Isto é o conto dun fantasma chamado Fantasmón. Era pequeno, marrón como un bombón, moi débil e un pouco lambón.

Case sempre os Luns, os Mércores e os Venres baixaba a facer as compras. De paso quería facerse o gracioso pero a xente non lle facía caso e pegábanlle. Ademais cando voltaba para a súa casa sempre atopaba un gato famento que corría detrás del porque pensaba que era un bombón. Decía o gato: "¡Mum, mum, que rico bombón!. Sempre facía correr o pobre Fantasmón e cando chegaba a casa decía: "¡Ese gato que malino é!".

O Mércores cando baixaba a facer as compras dixo: "¡Teño ganas de peixe, levarei unha caixa de rinchas, sardiñas e corbelos!".

Cando pasaba polo basureiro onde se atopaba sempre o gato, Fantasmón encontrou uns amigos e púxose a falar. Mentras tanto o gato rouboulle dez peixes. Fantasmón soubo que fora o gato e chamoulle descarado e que lle ía cortar o rabo. Mais tarde chegou á casa e botouse a dormir.

Á mañá seguinte foi dar un paseo e o gato botouselle enriba, mordeulle no cú e fíxolle unha ferida. Tivo que ir a urxencias onde unha fantasma o curou, deulle un ramo de flores e un bico. Despois deste namoráronse, casáronse e tiveron vinte fillos.

Cando os fillos eran un pouco grandes o pai contoulles o que lle pasara antes de que eles naceran. Os Fantasmiñas eran moi travesos e pensaron facerlle unha broma o gato. Compraron unha caixa de sardiñas de caramelo e chocolate. Mais tarde puxéronse a xogar no basureiro onde estaba o gato. Mentres eles o pasaban estupendamente o gato mordeu unha das sardiñas e quedoulle pegada ós dentes.

Moi felices ó chegar á súa casa contáronlle ó seu pai o que fixeran e para celebralo fixeron unha festa coas sardiñas de chocolate. Bailaron, cantaron e pasáronno como nunca. Mentras tanto o gato choraba e berraba.



Un día o fantasma contoulle a unha gatiña que sabía onde vivía o gato e levouna a coñecelo. Desde ese día sempre xogaban xuntos. Nadie podía imaxinar que o gato ía casar coa gatiña. Os fantasmas foron invitados pola noiva á igrexa. Pero o gato cando os mirou votou a correr como un tolo. A gatiña choraba e gritaba. ¿Como podían facer os fantasmas para explicarlle ó gato que non lle querían facer mal?. Despois de buscalo por tódolos basureiros do pobo atopáronno escondido no porto e dixéronlle que eran os seus amigos. Aínda que ó principio non o creía ó final voltou xunto a súa noiva e casaron. Fixo moito esforzo para explicarlle á súa gatiña que a quería pero que fuxira por medo os fantasmas.

Moito tempo despois tiveron gatiños e contáronlle a historia dos fantasmas. Eles caladiños buscaron onde vivían a familia e grande foi a sorpresa cando os atoparon. Os fantasmañas eran simpáticos e graciosos e os gatiños eran cariñosos e intelixentes. Todos se levaban estupendamente e formaron unha pandilla para xogar por todo o pobo. Todo o mundo conta que eran bos, que lle axudaban os vellos cando cruzaban os pasos de peatóns, axudaban ós rapaces a facer a cama antes de ir ó colexio, coidaban de que o pobo estivese limpo, estudiaban cos nenos... Facían tantas cousas bonitas que os rapaces estaban contentísimos cos seus amiguños.

O chegar o Entroido facían festa no pobo e todos quería poñer un traxe de fantasma ou de gato. En Nadal os rapaces poñían sardiñas e caramelos na porta para os seus amiguños e cantaban unha canción titulada "O fantasma e o gato" o estribillo decía: "gatiño precioso xoga connigo, trae un fantasmaña que quero ser voso amigo".

O alcalde do pobo chamoulle a unha rua "Rua da Pandilla" e os gatos daquel pobo xa nunca mais foron apedreados nin maltratados, e a xente non lle tiña medo ós fantasmas.

Desde entón o pobo fai unha festa en honor os seus amiguños na que todo o mundo é feliz e está contento.



Rebeca Golobardas López

10 anos

5º



Deportes



EQUIPOS CAMPEÓNS-LIGAS DOS RECREOS.

BALONMÁN NENAS.

ESTRELAS FUGACES (6ºA, 6ºB).

Eva Caballero Iglesias
Rosario Brión Bello
Sandra Agraso Dios
Rosa Porto Rodríguez
Ana Novas Canosa
Rocío Méndez Millán
M^a Carmen Portela Cosa
M^a Carmen Patiño Otero
M^a Elvira Otero Santos
Noelia Souto Novas
Maira Rodríguez Villanueva



EU QUÉ SEI (8ºC).

Laura Paredes Álvarez
Tania Pereira Rodríguez
Noelia Piñeiro González
Carmen Piñeiro Pérez
Ángela Rodríguez Somoza
Noelia Ruibal Menduiña
Selenne Souto Novas
Sonia Ventosinos Porto

FUTBITO NENOS.

LÓSTREGOS (3º).

Joel Otero Rial
Jonatan Otero Rial
Alberto Corredoira Martínez
David Otero López
Fernando Goberna Patiño
Rodolfo Martínez Rivas
Juan Álvarez Martínez
Javier Otero Matilla
Javier Reiriz Piñeiro

NO PUEDORR... (6ºA).

ROBERTO FERRADÁS LORENZO
Daniel Álvarez Álvarez
Alberto Ferradás Crujeiras
Ricardo Abalo Agulla
Jaime Curra Fontán
Damián Domínguez Martínez
J. Eugenio García Villanueva
Alberto Agulla Lemos

VEN E MIRA (8ºB).

Manuel Ferreira Martínez
Álvaro García Pérez
Gonzalo González Malvido
Ángel Loira Patiño
Diego Luis Souto
Iago Martín Menduiña
Elvis Matilla Rodal
Iván Novas Márquez
Iván Novas Patiño
Martín Otero Pousa
David Ferradás Gómez

EDUC. INFANTIL: 3 ANOS

- 1.- ABRAHAN PARADA
- 2.- JESÚS M. SOAGE
- 3.- VERÓNICA MARTÍNEZ



EDUC. INFANTIL: 4 ANOS

- 1.- CARLOS FERRADÁS
- 2.- DIEGO FERRADÁS
- 3.- DANIEL FERRADÁS

MINIBENXAMÍN MASCULINO

- 1.- DAVID OTERO
- 2.- XILÁN FARIÑA
- 3.- DAVID GARCÍA

MINIBENXAMÍN FEMININO

- 1.- TARA SOAGE
- 2.- KRISTINE GARCÍA
- 3.- MARÍA DEL MAR CHAMADOIRA



EDUC. INFANTIL: 5 ANOS

- 1.- FÁTIMA COMEDEIRO
- 2.- FRANCISCO DEL RÍO
- 3.- ALEX BRIÓN

ALEVÍN MASCULINO : PRIMEIRA TANDA

- 1.- DAMIÁN DOMÍNGUEZ....BELUSO
- 2.- JOSÉ PIÑEIRO.....BELUSO
- 3.- MARTÍN LEIRO.....CÍA. MARÍA
- 4.- DAVID RODAS.....ESPIÑEIRA
- 5.- XAQUÍN GARCÍA.....NAXARET
- 6.- EUGENIO RIVAS.....ARDÁN
- 7.- JOSÉ SOTELO.....NAZARET
- 8.- GONZALO POUSEU.....ARDÁN
- 9.- GONZALO GONZÁLEZ....ESPIÑEIRA
- 10.- MANUEL VILLAR.....BELUSO



ALEVÍN FEMININO

- 1.- EVA CABALLERO.....BELUSO
- 2.- OLAYA ALFAYA.....SAN ROQUE
- 3.- ESTEFANÍA DOMÍNGUEZ:PLACERES
- 4.- RAQUEL GONZÁLEZ.....SAN ROQUE
- 5.- MALUISA PEREIRA.....SEQUELO
- 6.- PALOMA RUIBAL.....SEQUELO
- 7.- ADRIANA PIÑEIRO.....SAN ROQUE
- 8.- MIRIAM SOAGE.....SAN ROQUE
- 9.- EVELIN GANDÓN.....NAZARET
- 10.- ANA NOVAS.....BELUSO

● **¡EVA CABALLERO IGLESIAS-CAMPEONA GALEGA ALEVÍN!-¡¡FELICIDADES!!.**

INFANTIL MASCULINO: PRIMEIRA TANDA

- 1.- FRANCISCO PAZÓ....CÍA.MARÍA
- 2.- JUAN A. PIÑEIRO...NAZARET
- 3.- RICARDO ABALO.....BELUSO
- 4.- RAFAEL MARTÍNEZ...ARDÁN
- 5.- RUBÉN CERQUEIRA...CÍA.MARÍA
- 6.- CIPRIANO NERGA....SGRA.FAMILIA
- 7.- RAFAEL PAREDES....BELUSO
- 8.- ISIDRO VILLAR.....BELUSO
- 9.- JOSÉ BARROS.....BELUSO
- 10.- JOSÉ A. DOMÍNGUEZ.BELUSO





INFANTIL FEMININO: PRIMEIRA TANDA

- 1.- MARÍA CASALEIRO.....BELUSO
- 2.- MARTA FERNÁNDEZ.....CÍA.MARÍA
- 3.- LAURA PAREDES.....BELUSO
- 4.- INÉS MUÑOZ.....CÍA.MARÍA
- 5.- ALEJANDRA AGULLA....BELUSO
- 6.- IRIA RUIBAL.....ARDÁN
- 7.- NATALIA RIAL.....ARDÁN
- 8.- ISABEL FERRADÁS....ARDÁN
- 9.- ANA NOVAS.....SGRA.FAMILIA
- 10.- LORENA FERNÁNDEZ....CÍA.MARÍA

CADETE MASCULINO

- 1.- JOSÉ B. LÓPEZ.....INST. MARÍN
- 2.- VÍCTOR FIGUEROA.....INST. MARÍN
- 3.- JUAN PASTORIZA INST. CANGAS
- 4.- OSCAR DEL RIO DOMAYO
- 5.- VÍCTOR RIOBO INST. MARÍN
- 6.- DAVID FERRADÁS BELUSO
7. ABEL ASENSIO INST. CANGAS
- 8.- J. M: LEMOS CIA MARIA
- 9.- FCO JOSE MARTINEZ INST. CANGAS
- 10.- JOSE MARTINEZ INST: CANGAS



¡FELICIDADES E GRACIAS A TODOS OS PARTICIPANTES POLO SEU

INTERÉS E A SÚA ACTITUDE DEPORTIVA!.

¡MOITAS GRACIAS A TODOS OS ALUMNOS DESTE COLEXIO QUE COLABORARON

NESTE XVI CROSS-BELUSO 96!.

HUMOR



Chistes

- O meu can non ten nariz.
- d'É como cheira?
- Up, moi mal.

- d'Para que eran os ovos que me mandache traer?
- para facer unha tortilla
- Ah, logo non te preocupes!

- Excítate un pouco na casa e a nai pregunta:
- d'Que stacks a facer?
- nada, xa o temos feito.


|| Ju, di, di ||




- Un home vai a un sastre a que lle fagan un traxe:
- d'É canto me saberá?
- Unhas 20 000 pt.
- Entón, non me faga bolsillos que non creio que me fagan falta.

|| Ah, ah, ah ||

M^a Chira Somora Saage 7°C





A Nova Historia



?? COME ??

!!! AL
ATAQUER !!!




TALADE GALEGO
!!! COMADES !!!

!!! HOOR !!!
ESTO ES UN INTERNO
DAS MIO NO SIENTO LAS
LENTILLAS

Francisco Pereira Dominguez 7°C
M. José Manuel Pereira Martins

ESTA MO ES MI
CUGARRA
!!! HASTA LUEGO
LUCASH



JOE PEPE! ESTAS
VACAS IMPORTADAS
SEHELLAN ESTAR
UN POUO TOLIS

POIS EU NON
ME DOU CONTA

Marcos Gerardo
Carlos Garcia 7° B
Eduardo Mendes



RUMORES



- CORREN RUMORES ... de que non hai que confundir a Isabel Tocino coa velocidade.
- CORREN RUMORES ... de que a capital de "VULGARIA" é unha calquera.
- CORREN RUMORES ... de que o porteiro xa lle está aprendendo o oficio ó seu suplente.
- CORREN RUMORES ... de que o inventor do CLAXON foi Fernando Poo.
- CORREN RUMORES ... de que os de oitavo C están moi alporizados porque non lles deixan acabar o buraco da porta nin descolgar de todo os radiadores.
- CORREN RUMORES ... de que no colexio a Drácula non lle deixaban xogar ó fútbol, por chupón. A David, tampouco.
- CORREN RUMORES ... de que os pasillos e wáteres están ben limpos, pois fas a proba do algodón e ... ¡O algodón non engana!.
- CORREN RUMORES ... de que os de oitavo queren intoxicar ós nenos máis pequenos vendéndolles palmeiras caducadas.
- CORREN RUMORES ... que para sacar a roña das paredes do colexio vai haber tres simulacros de incendio ó ano.
- CORREN RUMORES ... de que na aula de oitavo C vaise prohibir a entrada mentras non se retiren os escombros.
- CORREN RUMORES ... de que os de oitavo ¡A A A A! quedaron pasmados.
- CORREN RUMORES ... de que as clases de galego son un "CONSUELO" para nós.
- CORREN RUMORES ... DE QUE OS RUMORES CORREN, CORREN, CORREN, ...



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

1996



XESÚS FERRO COUSELO

